

Alumno/a		Grupo:	Dirección	
Nai/titora		Pai/titor		
Teléfonos	nai	pai	outro	
Correo electrónico:		Ten instalado abalar móbil	SI	NON
Teléfono urxencia, indicar de quen é(nai/pai/parentesco...):				

PARA RECORTAR.....

## ESTIMADAS FAMILIAS DO PRIMEIRO NIVEL:

AS MESTRAS DE PRIMEIRO DÁMOSVOS A BENVIDA A PRIMARIA.

Solicitámosvos que cubrades o apartado anterior e nolo enviedes polo voso fillo ou filla.

A continuación detallámosvos cal será o **material que usaremos este curso na aula**:

- 1 libreta de dobre pauta **ancha** (tamaño folio, tipo PAPHYRUS, sen espiral).
- 1 paquete de 100 folios DIN A4 de 80gr
- 1 bloque de cartolinas de cores
- 1 caixa de 12 rotuladores
- 1 caixa de 24 ceras tipo Plastidecor
- 1 caixa de ceras brandas tipo Manley
- 1 carpeta tamaño folio con gomas e solapas
- 1 archivador tamaño folio de 2 aneis grandes (sen panca)
- 1 estoxo amplo no que collan as ceras tipo Plastidecor, un lapis, a afía e a goma
- 3 lapis tipo HD Staedler Noris nº2, 1 afía e 2 gomas tipo MILAN 430
- 1 barra grande de pegamento tipo STADLER
- 1 tesoiras
- 1 punzón de madeira e unha alfombriña
- 1 caixa ou taper para gardar os rotuladores, as ceras, o punzón, as tesoiras e o pegamento
- 1 paquete de toallas húmidas
- 1 máscara de reposto gardada axeitadamente e outra bolsiña ou estoxo para gardar a máscara que traian posta cando a quiten para comer ou beber

Os libros de texto do **primeiro trimestre** de galego, matemáticas, castelán, xunto co de inglés; unha vez que comprobades que son os que se reflicten na páxina web ou no taboleiro do centro, deben ser enviados polo neno ou nena ao colexio, co nome posto por fóra. **Tamén é preciso que fagades o mesmo con todo o material.** As ceras brandas e os rotuladores deben quedar nas caixas co nome por fóra.

Antes de mercar o material revisade o que poidades reutilizar do curso pasado.

Co fin de non sobrecargar de peso aos nenos e nenas, recomendámosvos repartir en dous ou tres días o que teñen que traer. **O primeiro día deberían traer o estoxo co lapis, goma e pinturas.**

Boiro, 2 setembro de 2021